



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DE BALCÓNS, FIESTRAS, ESCAPARATES E FACHADAS NO CONCELLO DE PADRÓN NO ANO 2020 'NADAL NA RÚA'

O Concello de Padrón, coa intención de animar o rueiro do municipio na época de Nadal, propón a creación do concurso de decoración de Nadal de balcóns, ventás, escaparates e fachadas de todo o municipio padronés, tanto no seu casco histórico coma nas zonas próximas.

Primeira. Finalidade.

Promocionar e enxalzar a beleza do rueiro e do patrimonio arquitectónico da vila de Padrón na época de Nadal, así como dinamizar a participación activa da veciñanza, do comercio, da hostaleira e da restauración do Concello para contribuír á imaxe global dun Padrón máis atractivo, tanto para a poboación local como para as persoas visitantes.

Segunda. Obxectivos

Os principais obxectivos da convocatoria deste concurso son:

- Colaborar na creación dun ambiente de Nadal na localidade Padrón.
- Enxalzar a beleza do rueiro de Padrón e do seu patrimonio arquitectónico coa colocación de elementos decorativos de Nadal.
- Convidar á poboación da zona (veciñanza, comerciantes, hostaleiros...) á participación activa do embelecemento da área para contribuír á imaxe global positiva

Terceira. Características

As decoracións deberán estar visibles dende a vía pública.

O período de exhibición das decoracións deberá ser do 10 de decembro de 2020 ao 7 de xaneiro de 2021 ambos incluídos.

As persoas participantes non deberán causar molestias á cidadanía, nin perigo para as persoas, vehículos ou bens. Non se poderá realizar ocupación da vía pública.

Cuarta. Participantes

Poderán tomar parte no concurso todas aquelas persoas maiores de 18 anos de idade que o desexen: persoas propietarias ou arrendatarias de inmobles e/ou persoas encargadas da xestión de empresas de comercio e hostalería que cubran o formulario de inscrición, aceptando as bases do concurso. Establecéronse dúas categorías:

- Particulares: Poderán participar todas aquelas persoas que realicen a súa montaxe no seu balcón, fiestra, porta ou fachada da súa casa.
- Empresas: Poderán participar establecementos hostaleiros e comerciais localizados no termo municipal de Padrón.

Quinta. Inscricións

A inscrición será de balde e realizarase na Oficina de Turismo de Padrón situada na planta baixa da Biblioteca Municipal, na Avenida de Compostela s/n, ou no correo electrónico turismo@padron.gal como data máxima o martes 10 de decembro do 2020.

Sexta. Xurado

O xurado estará composto por persoas familiarizadas coa materia, que emitirán o veredicto unha vez finalizado o evento.

As persoas integrantes do xurado outorgarán os premios segundo a valoración que fagan cos seguintes criterios: orixinalidade/creatividade na ornamentación (ata cinco puntos), inclusión de elementos de identidade local (ata dez puntos) e emprego de materiais de refugallo ou eco-sostibles (ata cinco puntos).

O xurado outorgará dúas categorías de premios, un premio a particulares e un premio a empresas. O premio especial outorgarase á decoración de Nadal que mais 'Gústame' teña no álbum de imaxes que se colgará na páxina de Facebook de Padrón Turismo con todas as decoracións participantes.

A Asociación de hostalería de Padrón aporta 5 vales de 20€ para consumir nos establecementos que forman parte de dita asociación. Os vales outorgaranse as persoas que participen na votación popular que se realizará a través da rede social Facebook na páxina de Padrón Turismo na que se outorgará o premio especial.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

O 18 de decembro de 2020 decidírase cales son ás decoracións gañadoras e comunicárase a través das diferentes vías de promoción que ten o Concello.

Sétima. Premios

Os premios do concurso serán:

- Premio a empresas: Diploma e 500€
- Premio a particulares: Diploma e 250€
- Premio especial: Diploma e 100€
- 5 vales de 20€

O importe dos premios quedará suxeito ás retencións fiscais que marque a Lei.

Oitava. Condicións de participación

A participación neste concurso implica a aceptación das presentes bases así como a decisión do xurado.

Autorízase á organización a realizar e publicar cantas fotografías se consideren oportunas nos diferentes medios (prensa, redes sociais, etc.), como apoio á difusión e promoción do evento.

Solicítase ás persoas participantes que envíen ata 3 fotografías da fachada, balcón, ou ventá, vía correo electrónico a turismo@padron.gal ata o 10 de decembro de 2020 inclusive.

As contías dos premios serán consumidos no comercio e hostalaría local. As persoas gañadoras terán ata o 30 de xaneiro de 2021 para realizar o gasto e presentar os recibos das súas compras na Oficina de Turismo. No caso de non presentar os recibos ou non gastar todo o premio, o Concello de Padrón solicitará o reembolso do mesmo.

Máis información na Oficina de Turismo de Padrón, correo electrónico: turismo@padron.gal e no teléfono 646 59 33 19.